



CONCELLO DE LUGO
Concellería de
Servicios Xerais




CONCELLO DE LUGO
Concellería de
Servicios Xerais

Colaboran:



o teléfono do concello



O SERVIZO 010

O Concello de Lugo pon en funcionamento un novo servizo e estamos convencidos de que este é o camiño para acadar unha administración municipal moderna e niso poñémo-lo noso firme esforzo. Trátase de facilita-la máis ampla información sobre os trámites e as actividades municipais, habilitando novas canles de comunicación, evitando desprazamentos ós cidadáns e permitindo unha maior axilidade nos servizos. A súa efectividade esixe a participación de todos vostedes. Animámoslos, pois, a usa-lo servizo 010.

¿QUÉ É?

O servizo 010, é un novo medio de comunicación e contacto cos cidadáns, é un servizo moderno e axil que abre novas vías: teléfono, fax, e-mail á comunicación cos cidadáns de Lugo

¿PARA QUE SERVE?

Neste servizo, vostede podera obter información sobre servizos municipais, actividades, actos e programación das diversas concellerías e sobre os eventos que teñan lugar na nosa cidade. Poderá asemade, dispor da información actualizada sobre como realiza-los trámites que precise no concello.

O Servizo 010 recibira tamén os avisos de avaria, reclamacións e suxestións. Será o servizo de información de referencia no concello.

¿QUEN PODE CHAMAR?

Calquer persoa pode chamar, simplemente marcando o número 010 no termo municipal de Lugo, tanto dende teléfonos fixos como Móviles de calquer operador. Tamén pode enviar un Fax ó número 982297349 Ou enviar un correo electrónico á dirección: 010@concellodelugo.org

¿CANTO CUSTA?

O custo da chamada e o de unha chamada local, para Fax e voz. O E-mail non ten custo se se dispoñ dunha conexión a internet.

¿CANDO SE PODE CHAMAR?

O horario do servizo e de nove da mañá a oito da noite, en días labroables. Sábados de nove a duas.

¿CÓMO FUNCIONA?

Vostede poderá chamar ó teléfono 010, enviar un fax ó número designado, ou enviar un e-mail á dirección de correo electrónico do servizo.

Este contacto sera tratado polo servizo 010, segundo o caso, falando con vostede

directamente a traves do telefono, e tomando nota da sua peticion de informacion, resolvendoa no momento se e posible, ou solicitando ó servizo municipal correspondente a informacion necesaria. Cando esta este dispoñible chamaremos para darlle razón da sua peticion. No caso de avisos de avaria, reclamacións etc... daraselle-lo trámite axeitado, informandoo do resultado da xestión, via telefonica, por e-mail ou remitindolle un sms ó seu teléfono mobil.

En todo momento poderemos informalo do estado da sua solicitude de informacion.

Se se fai necesario, poderemoslle remiti-los impresos, para a tramitación que precise.



Este servizo, en permanente evolución, poderá ofertar novas funcionalidades no futuro: Realización de trámites, seguemento de expedientes, servizos de suscripcion via SMS, etc, todo elo para facilitarlle a comunicación co seu concello.